

PROGRAMACIÓN AULA DE BARREIRO - CURSO 2021/2022

CONTEXTUALIZACIÓN

A aula de Barreiro sitúase na parroquia de Santa María de Salceda, unha das sete que conforman o concello e que se localiza próxima ao centro da vila. Na mesma, conviven 11 alumnos e alumnas de entre 3 e 6 anos, concretamente, 5 de 3 anos, 3 de 4 anos e 3 de 5 anos. O alumnado recibe docencia da súa mestra/titora, da mestra de apoio e das mestras especialistas en educación física, en lingua inglesa, en educación musical e en relixión católica. A lingua materna predominante entre o alumnado é a castelá e as súas familias optaron maioritariamente pola alternativa á relixión católica (6 dos 11 que constitúen a aula).

A aula caracterízase por contar con dúas estancias diferenciadas que se empregan diariamente para a realización de diferentes tipos de actividades en función das características das mesmas e dunha zona exterior ampla e con espazo cuberto.

OBXETIVOS

Tendo en consideración que a gran finalidade desta etapa educativa é “contribuír ao desenvolvemento harmónico e integral de todas as capacidades que integran a personalidade do neno ou da nena” establécense unha serie de obxectivos que fan referencia ás capacidades cognitivas, motoras, afectivas, de relación interpersonal e de inserción social.

O propósito principal será contribuír ao desenvolvemento das capacidades da personalidade do neno ou da nena, establecendo unha base sólida sobre a que asentar posteriores aprendizaxes. Para isto elabórase esta programación que pretende favorecer a comprensión da realidade que rodea ao neno ou á nena, aumentar a súa autonomía persoal e social, contribuír a construción de aprendizaxes significativas, estimular o desenvolvemento da linguaxe oral, aproximarse á lectura e a escritura de forma lúdica, o desenvolvemento lóxico-matemático e todas as formas de representación, estimular a súa socialización e o desenvolvemento da identidade persoal progresando na construción dun autoconcepto positivo, sempre promovendo o desenvolvemento de actitudes e valores positivos.

CONTIDOS

Algúns dos contidos que se abordarán a través da presente programación son: valoración axustada e positiva de si mesmo, das súas características, posibilidades e limitacións e das dos outros; satisfacción polo progresivo control do corpo; hábitos e habilidades na realización das actividades cotiás e na relación cos demais (organización, iniciativa, esforzo, colaboración, etc.); hábitos saudables de hixiene, alimentación e descanso. Práctica dos mesmos e adquisición progresiva de autonomía na súa realización; observación e valoración da funcionalidade dos números na vida cotiá. O número: unidade, a serie numérica e os primeiros ordinais; curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural; identificación de comportamentos e actitudes adecuadas en relación ás normas que rexen nos diversos grupos aos que pertence; iniciación ao uso da escritura en situacións cotiás, con fins reais ou exploración das posibilidades plásticas e creativas de diferentes materiais e técnicas e uso destas como medios de expresión e comunicación.

Os contidos serán abordados de forma global tal e como se presentan na vida real por iso, como mecanismo para desenvolvelos, empregarei o traballo por proxectos como estratexia de ensino-aprendizaxe.

ACTIVIDADES

O traballo por proxectos permite organizar os contidos de forma motivadora, tratando a realidade dende unha perspectiva globalizadora e provocando aprendizaxes significativas e funcionais. A temática dos mesmos xurde dos intereses do alumnado, está centrada na súa vida e pretende acadar un coñecemento máis completo do mundo que lle rodea. As actividades que se desenvolverán pretenden favorecer a observación, a comparación, o establecemento de relacións, a reflexión, etc. de forma motivadora e lúdica.

AVALIACIÓN

Atendendo ao disposto na Orde de 25 de xuño de 2009, a avaliación será global, continua e formativa. As principais técnicas e fontes de información para o proceso de avaliación serán a observación directa e sistemática, a análise das producións infantís e as entrevistas coas familias/titores legais.

Serán obxecto de avaliación as aprendizaxes dos meus alumnos e alumnas, é dicir, a súa evolución no proceso de aprendizaxe para o que contarei co referente que establecen os criterios de avaliación. Son algúns exemplos destes: coñecer o corpo e as súas posibilidades de acción; construír unha auto

imaxe positiva e aceptar a súa identidade; participar activamente na planificación e organización das tarefas a realizar; amosar interese polo medio natural. Identificar algúns dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conserva-la; ou interesarse polos textos escritos iniciándose no seu uso (escritura convencional ou non) e comprendendo as súas finalidades (transmitir información, gozo, etc) entre outros.

Asemade, tamén é preciso avaliar os procesos de ensino e a miña práctica docente (organización da aula, clima escolar, interaccións; coordinación entre o profesorado, coas familias ou a adecuación da proposta pedagóxica, da planificación e da metodoloxía).

A avaliación se desenvolverá en tres momentos: inicial (para establecer o punto de partida do alumnado antes de elaborar a programación e realizar a detección das ideas previas que teñen sobre aquilo que imos investigar); continua (para analizar os progresos e dificultades do alumnado para axustar a intervención educativa e estimular o proceso de aprendizaxe empregando os criterios de avaliación como referente) e final (para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos e o grao de adquisición das competencias básicas que se propuxeron para un proxecto, trimestre e curso).

METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que enmarcarán a práctica educativa na aula serán os de globalización, a procura de aprendizaxes significativas, o tratamento á diversidade, a interacción familia-escola e, en definitiva, o coidado do ambiente de aprendizaxe.

O traballo realizado co alumnado lévase a cabo desde unha perspectiva lúdica, empregando o xogo como elemento motivador baixo un clima de afecto e confianza. Para iso empregarei unha metodoloxía activa que propicie que os nenos/as sexan os protagonistas da súa propia aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

Tendo en conta o establecido no protocolo COVID, a organización dos espazos da aula deberá asegurar que se cumpran as directrices establecidas co fin de garantir a seguridade do alumnado. Por esta razón decidíronse establecer tres zonas de traballo destinadas a cada un dos equipos colaborativos que contan con materiais variados e de uso individual.

A pesar das circunstancias, se ten distribuído a aula en recunchos de uso individual que conviven coa organización de pequenos talleres. Trátase de ofrecer ao alumnado espazos nos que construír os seus propios coñecementos a partir da acción.

ORGANIZACIÓN DO TEMPO

A xestión do tempo será flexible para promover o equilibrio entre as actividades individuais e as colectivas, as de pequeno ou de gran grupo; as que requiren máis concentración coas máis físicas, etc.

A xornada escolar se organizará entorno a unha serie de rutinas que, traballadas diariamente, son interiorizadas e permite ao alumnado sentirse seguro e ser quen de anticipar o que vai ocorrer ou o que hai que facer.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo de clase non é homoxéneo. Ademais da diversidade propia dun grupo mixto que aglutina alumnado de idades diferenciadas e importante considerar que cada un dos meus alumnos e alumnas ten unhas peculiaridades, un ritmo de desenvolvemento e de aprendizaxe propios. Coa idea de atender a esa diversidade, na aula:

- Realizo unha avaliación inicial ó principio de cada proxecto, para detectar ideas previas, ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento.
- Propoño actividades variadas para que se adapten ás características do alumnado.
- Utilizo metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado como a adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado.
- Selecciono diferentes materiais e recursos para a realización de actividades procurando a motivación do alumnado.
- Establezo diferentes recunchos e talleres para dar resposta aos diferentes intereses.

Dentro da diversidade haberá que ter presente tamén os alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) pero, na aula, polo momento, non hai constancia da presenza de alumnado con este tipo de necesidade.

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A ALTERNATIVA Á RELIXIÓN

Establécese neste ámbito a realización dun obradoiro de contos a partir dos cales traballar valores como a amizade, a solidariedade, a cooperación, etc. Empregaranse libros físicos pero tamén se empregarán medios telemáticos para realizar actividades sobre os mesmos. Asemade, este obradoiro alternarase coa presentación e emprego de xogos tradicionais.

PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL

No referido á atención educativa do alumnado da aula de Barreiro nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.